



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE OBRAS: REFORMA DA CASA-ASOCIACIÓN DE TELLA

EXPEDIENTE:2024/G003/000569

ANTECEDENTES:

O Concello solicitou unha axuda económica, mediante a Resolución da Alcaldía número 110/2024, do 9 de febreiro, regulada pola Orde do 27 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (Xunta de Galicia), pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (PR486A), para levar a cabo o proxecto: <<Reforma da casa da Asociación de Tella>>, redactado polo arquitecto, Felipe Nuñel Méndez, con número de Colexiado 3.222 COAG, de febreiro 2024, por un importe de 55.272,10 € (IVE engadido).

A Dirección Xeral de Administración Local, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes notifica ó Concello a concesión da subvención para levar a cabo o proxecto, concedéndolle ó Concello de Ponteceso unha subvención por importe de 38.690,47 €, o que representa o 70.00 % sobre o orzamento elixible do proxecto.

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, a Alcaldía deste Concello, na súa condición de órgano de contratación, entende necesario aprobar o expediente de contratación de <<Reforma da casa da Asociación de Tella>>, actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

Logo de ver o disposto no artigo 231 LCSP 2017, o cal establece que <<la adjudicación de un contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica>>, o proxecto redactado incorpora tódolos requisitos esixidos, definindo con precisión o obxecto do contrato.

O arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, no seu informe asinado o 09/02/2024 fai constar que para o investimento indicado non é preciso obter autorizacións sectoriais doutras administracións, poseendo polo tanto a plena dispoñibilidade sobre os terreos onde se realizarán as actuacións.

A Xunta de Goberno do día 05/06/2024 acorda aprobar o proxecto de obras <<Reforma da casa da Asociación de Tella>>, redactado polo arquitecto, Felipe Nuñel Méndez, con número de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

colexiado 3.222 COAG, de febreiro 2024, por un importe de 45.679,42 €, IVE de 9.592,68 €, que totalizan un orzamento de execución por contrata de 55.272,10 €, cun prazo de execución de 2 meses.

Nos contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros, e nos contratos de subministro e de servizos de valor estimado inferior a 35.000 euros (excepto os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual) nos que se utilicen criterios de adxudicación obxectivos mediante fórmulas matemáticas poderá utilizarse o procedemento aberto simplificado <<sumario>> regulado no artigo 159 da LCSP coas especialidades do apartado 6, que axiliza a tramitación do expediente cun prazo mínimo de presentación de ofertas de dez días hábiles, non sendo necesario os seguintes trámites: presentar varios sobres (un único sobre/arquivo electrónico), a constitución da mesa de contratación nin o acto público de apertura de ofertas, a acreditación da solvencia económica e profesional, a presentación da garantía definitiva, a formalización do contrato (chegará a sinatura de aceptación da resolución de adxudicación do contrato).

Á vista das características e do importe do presente contrato, e tendo en conta que tódolos criterios de adxudicación serán obxectivos e valorados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, óptase pola utilización do procedemento aberto simplificado sumario.

A adxudicación realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación obxectivos baseados no principio de mellor relación calidade-prezo de conformidade co artigo 145.1 da LCSP.

Os criterios de adxudicación elixidos perseguen mellorar as condicións económicas e a calidade da prestación do obxecto do contrato. A ponderación da puntuación dos criterios trata de garantir que as ofertas sexan valoradas con obxectividade e transparencia.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 484/2024, do 10 de xuño, pola que se aproba o inicio do expediente, así como a acta de replanteo posterior á aprobación proxecto, emitida polo técnico redactor na data de 12/06/2024, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017.

Consta no expediente a RC asinada pola Intervención Municipal o 13/06/2024, con cargo á partida 2024.327.63200.

Logo de ver o informe técnico que obra no expediente emitido polo arquitecto técnico municipal o 14/06/2024, no que fai constar que a Casa Asociación de Tella é un equipamento de titularidade municipal, polo que a actuación realizarase sobre un edificio público, sen invadir terreos/propiedades nas que deberá obterse a dispoñibilidade dos mesmos, segundo consta nos documentos obrantes nestas dependencias e no PXOM. Asimesmo, as actuacións indicadas no proxecto redactado polo arquitecto Felipe Nuñel Méndez, colexiado número 3222 do Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG), cumpren co disposto no planeamento en vigor do Concello de Pontevedra, coa normativa aplicable e coa lexislación urbanística e sectorial de aplicación, segundo o disposto na <<Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)>>, no <<Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

do solo de Galicia (RLSG)>>, no <<Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia>>”; no disposto no <<Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, publicado no BOP nº 99, do xoves, 28 de maio de 2015>> e coa Normativa Sectorial correspondente.

Consta no expediente a memoria xustificativa da Alcaldía e os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP), asinados o 20/06/2024, nos que se empregará o procedemento aberto simplificado <<sumario>> regulado no artigo 159.6 da LCSP.

Logo de ver os informes preceptivos de Secretaría e Intervención, en sentido favorable, de data 21/06/2024.

A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. Polo tanto, tendo en conta o anterior e vendo que o contrato de obras ten un orzamento base de licitación de 45.679,42 € máis IVE, que ascende a un total de 55.272,10 €, carácter anual, e o 10% dos recursos ordinarios do orzamento ascenden a 654.200,00 €, polo que a competencia para a contratación corresponde ó alcalde do Concello, de conformidade Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

Tendo en conta o establecido nos artigos 231 a 236 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas así como os artigos 21 e 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación 2024/C003/000001 da obra denominada <<Reforma da casa da Asociación de Tella>>, cuio proxecto foi redactado polo arquitecto, Felipe Nuñel Méndez, con número de colexiado 3.222 COAG, de febreiro 2024, por un importe de 45.679,42 €, IVE de 9.592,68 €, que totalizan un orzamento de execución por contrata de 55.272,10 €, cun prazo de execución de 2 meses , e aprobado polo acordo da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 05/06/2024, así como o Prego de Prescricións Técnicas incorporado no proxecto e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o procedemento aberto simplificado <<sumario>> regulado no artigo 159.6 da LCSP.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 55.272,10 euros con cargo á aplicación orzamentaria 327/63200.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Terceiro.- Publicar no Perfil do Contratante e Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

Ante min, a secretaria, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018
Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican na marxe.